

Estructuras de sólidos inorgánicos e compostos de coordinación

Nome do profesor do coordinador: Eduardo Gayoso Andrade

Descrición dos materiais producidos

- 45 CD co título "Estructuras de sólidos inorgánicos e compostos de coordinación", que conteñen as presentacións nas clases da asignatura Química Inorgánica Avanzada I, do cuarto curso da Licenciatura en Química, así como unha colección de figuras que poden ser manipuladas, das estruturas de sólidos, compostos de coordinación e ligandos,
e que foron depositados na Biblioteca da Facultade de Química para poñer a disposición dos alumnos, que poden pedilos en préstamo.

Descrición das tarefas realizadas por cada membro

- Nome do membro 1: Eduardo Gayoso Andrade
 - Confección das presentacións incluídas no CD
 - Exposición na aula das presentacións que foron incluídas no CD

Grao de cumprimento dos obxectivos do proxecto

- Obxectivo primeiro, que cada alumno poida dispoñer dun CD coas presentacións feitas na aula e poida ser instruído na construción de estruturas virtuais que poida manipular personalmente: 0%
(cos retrasos na concesión dos proxectos e librado do diñeiro, non se dispuxo dos CDs e do canón ata finalizado o cuadrimestre)
- Obxectivo segundo, presentación na aula: 100%
(ó poder utilizar un ordenador e un canón de outras procedencias)
- Obxectivo terceiro, confección dun CD coas presentacións de clase: 100%
(o CD que confeccionouse para o proxecto tívase preparado e púxose á disposición dos alumnos interesados para que fixeran copias del)

Grao de cumprimento do plan de traballo

- 40%
(tendo en conta que aínda que puidéronse facer as presentacións con canón e ó final ós alumnos facilitouse un exemplar do CD para que realizaran copias, ó longo do curso non foi posible que os alumnos dispuxeran del para traballar pola súa conta)

Valoración da experiencia

- Non foi totalmente satisfactoria ó non poder poñer a disposición dos alumnos o material para que eles mesmos realizaran o seu traballo, aínda que contouse coa posibilidade de facer as presentacións co canón, co que se facilita a exposición.
- Agora que xa se dispón do material solicitado no proxecto, espéranse poñer en práctica este próximo curso as actividades de utilización polos propios alumnos dos CDs coas presentacións e ferramentas de manipulación de figuras representativas das estruturas.